



Lab·Ou

Laboratorio Galego de BD Experimental

***Chave.** {...} Simboliza un arcano, unha obra que realizar, e tamén o medio para a súa execución. Pode referirse ao limiar entre a conciencia e o inconsciente. {...} Nas lendas e contos folclóricos aparecen con frecuencia tres chaves correspondentes a outras tantas cámaras secretas, as cales están cheas de obxectos preciosos. Son representacións simbólicas da iniciación e do saber. A primeira chave, de prata, concirne ás revelacións da ensinanza psicolóxica. A segunda, de ouro, ás do saber filosófico. A terceira e derradeira, de diamante, confire o poder {...}. O encontro dunha chave expón, pois, a fase previa á do achado do tesouro difícil de encontrar {...}.*

JUAN EDUARDO CIRLOT: *Diccionario de símbolos*
(Madrid: Siruela, 2001)



✂ INTRODUCCIÓN

A humilde intención das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, a festa galega do cómic desde hai 18 anos, sempre foi apoiar os debuxantes galegos emerxentes e publicitar e promover todas as iniciativas posibles relacionadas coa BD na nosa comunidade.

Non obstante, desde hai uns anos, as actividades habituais das Xornadas xa quedan pequenas ante a realidade da BD galega. Podemos afirmar sen temor a equivocarnos que contamos con creadores con gran preparación, calidade e coñecemento do medio, en moitos casos xa dentro da profesionalidade, e cuns méritos recoñecidos no ámbito estatal e mesmo internacional. Revistas galegas como *BD Banda* ou *Barsowia* están xa asentadas no campo editorial, e certames e festivais como Viñetas desde o Atlántico contribúen ao labor de difundir e consolidar a nosa novena arte.

Está claro que ante este panorama, se desde Ourense queremos seguir séndolles útiles aos artistas galegos, precisamos ofrecerlles máis do que até agora, pois os esforzos habituais xa non dan abrangido todo o potencial que eles son quen de achegar.

Por esta vontade renovadora e servizal, nas Xornadas de 2005 atrevémonos a apostar por unha actividade pioneira no Estado: a celebración do reto «BD 24 × 24», unha adaptación do exercicio orixinal de Scott McCloud no cal os participantes deben crear unha BD orixinal de 24 páxinas en 24 horas; un desafío con moito éxito na escena alternativa internacional pero lamentablemente descoñecido no ámbito peninsular. Dábase así a posibilidade de experimentar graficamente ante un reto improvisativo nun ambiente de cordialidade e camaradaría. Non todos os que tomaron parte puideron superar a proba, mais estamos certos de que cada un aprendeu e descubriu recursos e técnicas narrativas novas, e xa só por iso pode considerarse un éxito. Pero, ademais, un dos froitos inesperados desta velada foi *Corazón de tormentas*, a BD creada contra o reloxo por David Rubín neste marco, unha xoia que será publicada por Polaquia e que posúe tal calidade que ninguén diría que foi xestada en circunstancias tan adversas.

Así pois, animados polos positivos resultados desta experiencia, decidimos non só non deternos senón ir máis aló. O «24 × 24» pode considerarse a pedra fundacional do Lab·Ou,

o Laboratorio Galego de BD Experimental, que pomos en marcha desde Ourense. O noso obxectivo é ofrecerlles aos autores galegos un lugar de referencia a que acudir para experimentar coa potencialidade da BD como medio. Seguindo o modelo dos OuBaPo (Ouvroir de Bande dessinée Potentielle) francés e americano e as experiencias individuais de estudosos como McCloud, tentamos poñer en pé un foro de debate e creación gráfica, unha aula aberta en que aprender a perfeccionar as técnicas narrativas por medio dun programa con diferentes exercicios de estilo destinados a sacar todo o potencial que o autor leva dentro.

O Lab·Ou pretende ser un obradoiro aberto e de participación voluntaria e continuada ao longo de todo o ano (a diferenza das Xornadas e outros festivais, limitados temporalmente) en que se desenvolverían diversas actividades individuais e colectivas con espírito lúdico ao tempo que investigador. As BD resultantes dos exercicios deste laboratorio, ademais de a curto prazo serviren como excelente ximnasia creativa de afondamento nas capacidades de cada autor, poderían reempregarse incluíndose en distintas antoloxías ou seren obxecto de exposicións temáticas.

Sen dúbida, a principal aposta do Lab·Ou será a utilización de internet como ferramenta de comunicación entre os participantes e de difusión dos resultados deste obradoiro, permitindo a deslocalización espacial e temporal das actividades, a súa continuidade (ao non depender de custosos orzamentos para o seu mantemento) e a posibilidade de transcender as fronteiras físicas no ciberespazo, entrando de cheo no movemento de BD de vangarda internacional.

Convidamos a todos os autores interesados en formar parte desta experiencia única no panorama peninsular a que se poñan en contacto connosco para ingresaren como membros de pleno dereito no Laboratorio Galego de BD Experimental. Os únicos requisitos que solicitamos aos participantes son dedicación e compromiso, curiosidade, ganas de divertirse e de explorar camiños novos. Xuntos poderemos revolucionar a nosa arte nona, levala máis aló do que coidabamos ser capaces nun principio.

❧ QUE É O LAB·OU?

Como cidadáns e cidadás do século XXI, Lab·Ou constitúese como unha ciber-loxa ou moderna sociedade pseudo-secreta en que a experiencia será un grao, e cada un dos seus membros será considerado nun dos chanzos do seu *cursus honorum*.

Trátase de facer propostas que manteñan en activo a creatividade dos autores; unha especie de ximnasia mental de mantemento. Importa máis o camiño, os froitos que poida obter da busca cada autor, que o resultado. Non se procura a vangarda nin as rupturas porque si, senón un progreso creativo persoal; porén, se os exercicios son compartidos con outras persoas, créase un caldo de cultivo ideal para potenciar os achados de cada un e tamén os colectivos.

Unha das influencias máis destacadas do Lab·Ou é o OuBaPo (acrónimo de Ouvroir de Bande dessinée Potentielle). Este colectivo, creado en 1992 no seo da editorial francesa L'Association e formado entre outros por Groensteen, Trondheim, Menu, Killoffer, Ayrolles, Lécroart e Gerner, experimenta coa BD buscando formas e estruturas novas por medio de diversos exercicios de estilo, seguindo o exemplo do que fai coa literatura o OuLiPo (Ouvroir de Littérature Potentielle), iniciado por Raymond Queneau en 1960.

As investigacións doutros estudosos da BD como Scott McCloud ou Matt Madden tamén foron unha profunda inspiración para o laboratorio galego.

❧ FUNCIONAMENTO DE LAB·OU

§ INGRESO EN LAB·OU: o interesado/a só deberá enviar unha petición cos seus datos (nome, data de nacemento, enderezo postal e electrónico e calquera outro que considere de interese) ao enderezo de correo electrónico <lab.ou.info@gmail.com>. Recoméndase que cada novo membro escolla para si un nome

de iniciado, polo cal será coñecido polo resto dos membros do Lab·Ou. Para ser considerado membro a todos os efectos, deberá achegar —preferibelmente en formato electrónico, ao mesmo enderezo— un exercicio realizado por el/ela propio/a de acordo con algún dos modelos propostos no *Grimorio: Libro de exercicios de Lab·Ou*.

§ SEGUIMENTO DO 'CURSUS HONORUM' NO LAB·OU: O *Grimorio* é un catálogo ampliable de exercicios dispoñíbeis. Cada un deles está valorado cunha puntuación que poderá variarse en casos concretos de acordo coa dificultade. Cada mes, desde a coordinación de Lab·Ou proponanse tres exercicios optativos, para os cales normalmente se darán datos moi concretos para a realización, ao contrario da exposición xeral que se fai no *Grimorio*. O prazo de entrega deses exercicios será de tres meses. Estes prazos serven unicamente para marcar un ritmo, mais a liberdade de cada un dos membros permitiralles entregar ou non ditos exercicios sen que reciba ningún tipo de amoestación por parte da coordinación. Alén disto, calquera dos membros pode entregar calquera outro exercicio experimental aínda que non sexa dos propostos, e mesmo achegar traballos encadrábeis dentro destes exercicios aínda que fosen realizados fóra das marxes espacio-temporais do Lab·Ou (e estes serán validados pola coordinación en caso de que cumpran cos principios desta loxa experimental). Algúns exercicios, ademais, permiten o traballo con outras BD (propias ou alleas) para crear outras novas, a través dun proceso de montaxe e desmontaxe.

Cada un dos exercicios —pola súa soa realización— reportará ao membro o número de puntos con que dito exercicio foi valorado. En caso de non ser un exercicio proposto desde a coordinación —tanto se foi feito expresamente para a ocasión como se se está a

propor unha validación dun exercicio anterior á entrada no Lab·Ou—, esta decidirá con que puntuación é valorado. As puntuacións irán engrosando a conta persoal de cada membro, e levándoo adiante no progreso do seu *cursus honorum*, camiño do seu seguinte grao.

§ PUNTO ECUMÉNICO. Todos os membros que tomen parte dun dos exercicios propostos pola coordinación votarán o que consideren o mellor resolto—sen poderen votar o seu propio traballo—, co que o elixido recibirá un punto a maiores. Poderá haber un *ex-æquo* de dous traballos; en caso de que tres ou máis traballos coincidan no número de votos, desaparecerá a posibilidade de punto ecuménico.

§ WEBLOG. O Lab·Ou funcionará primordialmente a través da rede. Os traballos expoñense en versión de baixa resolución na internet a través do *weblog* <<http://www.labou.blogspot.com>>, de acceso público—a non ser que o participante solicite explicitamente que o seu traballo non sexa exposto—, e do grupo de correo <<http://groups.google.com/group/labou>>, de acceso restrinxido aos membros. No *weblog* daranse noticias do Lab·Ou, así como ligazóns a outras experiencias semellantes existentes polo mundo; a través do grupo de correo dinamizarase o diálogo creativo entre os membros.

§ ENCONTROS. Para rachar a individualidade da rede, aproveitando algunhas citas anuais relativas á BD, tales como o Viñetas desde o Atlántico ou as Xornadas de Ourense, Lab·Ou organizará actividades de tipo colectivo ou que precisen da colaboración de varios autores, así como talleres coa presenza de autores convidados.

§ EDICIÓN. Lab·Ou buscará editar e apoiar a

edición de obras producidas ao seu abeiro, a través de antoloxías, compilacións, etc.

✂ Niveis dos membros da loxa

§ NIVEL AZUL — Grao: Aprendiz | Puntuación: 0-49 | Cambio de grao: Acceso á chave de prata.

§ NIVEL VERMELLO — Grao: Iniciado | Puntuación: 50-99 | Cambio de grao: Acceso á chave de ouro.

§ NIVEL NEGRO — Grao: Mestre | Puntuación: 100 ou máis

§ NIVEL BRANCO — Grao: Administrativo | Reservado á coordinación desde Ourense.

✂ Niveis de dificultade dos exercicios

§ EXERCICIOS CREATIVOS

1. BD con restricións

1.1. Restrición icónica [1/+]

1.1.1. BD irrepitíbel (*tthrough-composed comic*) [2/+]

1.1.2. BD cega [2/+]

1.2. Restrición plástica [1/+]

1.3. Restrición narrativa

1.3.1. Restrición do enfoque [1]

1.3.2. Restrición secuencial [1]

1.3.3. Restrición textual [1/+]

2. Iteración

2.1. Iteración icónica total [1]

2.2. Iteración icónica parcial [1]

2.3. Iteración textual [1]

2.4. BD encadeada (*nested strip*) [2]

2.5. *Silent running* [1]

3. Multi-lectura

3.1. Tiras cruzadas [5]

3.2. BD acróstica (*acrostrip*) [3]

3.3. Palíndromo [4]

3.4. Palíndromo oculto [3]

3.5. Tira circular ou eterna (*morlaque*) [4]

3.6. Anagrama [2/+]

3.7. Secuencia simultánea [3]

4. Reversibilidade

- 4.1. Volta e volta (*upside-down*) [5]
- 4.2. Ambigrama [3]
- 5. Lecturas subliminares
 - 5.1. Prego [5]
 - 5.2. Recubrimiento [2]
- 6. Secuencia aleatoria
 - 6.1. *Collage non sequitur* [1]
 - 6.2. Dados [10]
 - 6.3. *Post-its* [2]
- 7. Distribución regrada
 - 7.1. Distribución icónica [1]
 - 7.2. Distribución temporal [3]
 - 7.3. *Alphabet City* [3]
 - 7.4. Sextina [5]
- 8. Deseño de páxina
 - 8.1. Estructura fixa [1]
 - 8.2. Estructura simétrica [1]
 - 8.3. Montaxe alterna [2]
 - 8.4. BD piramidal [2]
 - 8.5. Distribución decorativo-narrativa [2]
 - 8.5.1. Corte transversal [2]

§ EJERCICIOS TRANSFORMATIVOS

- 1. Substitución
 - 1.1. Substitución icónica [2/+]
 - 1.2. Substitución textual [1/+]
- 2. Método N+7 [1/+]
- 3. Expansión [1/+]
 - 3.1. Expansión regrada [2/+]
 - 3.2. Expansión acróstica [3/+]
 - 3.3. Expansión ás catro esquinas [3/+]
 - 3.4. Tiras intercaladas (*tireur à ligne*) [4/+]
- 4. Redución [1/+]
 - 4.1. Redución regrada [1/+]
 - 4.1.1. Redución regrada icónica [2/+]
 - 4.2. Resumo [2/+]
 - 4.2.1. Adaptación resumida [2/+]
- 5. Reenfoque [2/+]
 - 5.1. Reenfoque por ampliación [2/+]
 - 5.2. Reenfoque por amputación [1/+]
- 6. Reinterpretación gráfica
 - 6.1. Mimetización [2/+]
 - 6.1.1. Pastiche [1/+]
 - 6.2. Suplantación [2/+]
 - 6.3. Calco [1/+]
 - 6.4. Reinterpretación consecutiva [2/+]
- 7. Hibridación [4/+]

7.1. *Cent mille milliards de Nancy* [2/+]

§ EJERCICIOS COLECTIVOS

- 1. Cadáver exquisito [1]
- 2. Dobre cego [1]
- 3. Teléfono avariado [1]
- 4. BD colectiva [1]
- 5. Dameiro a catro mans [1]
- 6. Conversa en BD [2]
- 7. Proxecto colectivo [1]

§ OUTROS EJERCICIOS

- 1. Exercicios de estilo [1/+]
- 2. BD en 24 horas (*BD 24 × 24*) [10]
- 3. BD improvisada [2/+]
- 4. Adaptación [3/+]
- 5. Diario en BD [1/+]
- 6. Diario de soños en BD [1/+]
- 7. BD automática [1]
- 8. BD sinestésica [2]
- 9. Metáforas visuais [1/+]
- 10. Exercicios mixtos / Suma e segue [+]

§ PREGUNTAS FRECUENTES

É imprescindible ser un autor profesional para poder entrar no Lab·Ou?

Non necesariamente. Aínda que os exercicios e actividades deste obradoiro están especialmente destinados a descubriren e ensinárenlles novas técnicas gráficas e narrativas aos autores de BD para que as incorporen na súa produción habitual, calquera autor afeccionado pode participar no programa deste laboratorio. Ao principio pode custarlle máis traballo resolver de xeito satisfactorio os exercicios propostos pola organización que a un artista experimentado; pero se lle dedica tempo e esforzo estamos seguros de que acadará os seus obxectivos coma os demais.

É necesario ser debuxante?

Os exercicios están abertos tamén a guionistas. En moitos deles terán que facer un esforzo de debuxo, mais o único que se pedirá as máis

das veces serán solucións esquematizadas, polo que o realmente importante será o modo en que se resolva o problema proposto máis que a calidade gráfica.

O Lab·Ou admite autores que non sexan galegos?

Si; calquera participante interesado en experimentar no medio da BD é benvido ao Lab·Ou. Por razóns de loxística e de organización, os coordinadores diríxense en primeira instancia aos debuxantes galegos cos que teñen traballado en ocasións anteriores, e utilizan o galego como lingua de traballo. Non obstante, calquera artista peninsular (español ou portugués) ou mesmo internacional pode ingresar no Lab·Ou como membro de pleno dereito sempre que traballe nos exercicios propostos como calquera autor local.

Pode haber máis exercicios que os propostos no ‘Grimorio’?

O noso libro de exercicios é unha proposta inicial, a partir da cal poderá incorporarse outros novos. Calquera membro pode propor novos exercicios, ou variacións os existentes. A coordinación será a encargada de decidir se eses exercicios cumpren co espírito do Lab·Ou, e o tipo de puntuación que merecerá.

O mesmo exercicio pode valer diferentes puntos?

Cada exercicio en concreto estará valorado cuns puntos de acordo coa súa dificultade. Non se entrará a valorar os resultados, senón se estes cumpren cos requisitos propostos ou non. En caso de o participante introducir cambios na proposta feita desde a coordinación, esta entrará a valorar que puntuación merecerá o exercicio (que se entende como diferente ao proposto): dependendo de se a dificultade é menor ou maior, así será a cantidade de puntos outorgada.

Os exercicios feitos polos membros do Lab·Ou son obrigatoriamente públicos?

Non. O obxectivo do Laboratorio é lograr aprendizaxes persoais, e non tanto conseguir resultados excelentes en cada exercicio (importa máis o proceso que o resultado). Por iso, pode ocorrer que un membro prefira non dar a coñecer ao público algún dos seus exercicios, sendo igualmente válido para puntuar; en tal caso, pode optar a que o exercicio só sexa visto pola coordinación (co que non podería optar ao *punto ecuménico*) ou a que só o vexan os membros dentro do grupo de correo.

Os participantes están obrigados a seguir o ritmo proposto pola coordinación?

Non, a coordinación fai unha proposta de exercicios procurando marcar uns ritmos que axuden á creación, pero cada membro é libre de adoptar os ritmos que prefira.

Ten que dar a coordinación permiso para todo?

Non. O obxecto da coordinación é tentar que haxa unha continuidade no proxecto e que o espírito creativo do Lab·Ou manteña as premisas orixinais, mais os membros terán toda a liberdade de acción para enfocar os seus traballos.

